

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de maio de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez hora e trinta minutos do día dez de maio do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Interventora Acctal., Susana Escaloni Varela.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33759.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de maio de 2024.

2.33760.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP 5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (Expte. 2023077020)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O Presente proxecto forma parte dunha serie de intervencións divididas en 3 fases para a mellora da contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras e o Campo da Festa. Polo tanto, pretende desenvolver o proxecto da segunda fase que se coordina en canto a definición coa primeira fase, realizada de forma simultánea.

O obxecto deste proxecto é a reordenación da toda a contorna e espazos públicos no ámbito da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras e o Campo da Festa, incluíndo os viarios de acceso a ambos equipamentos.

Un contexto de gran importancia e tradición para o Concello de Arbo, que viu desfigurada a súa imaxe e configuración debido ás continuas construcións que se sucederon ao longo de tempo e que hoxe presentan problemas graves de accesibilidade e de integración paisaxística.

Polo tanto, a actuación debe ter coma obxectivos principais a mellora de estes dous problemas: unha mellora substancial das condicións de accesibilidade, no referido a accesos, circulacións, pavimentos e plataformas; e a busca dunha adecuación dos usos actuais do entorno a unhas características paisaxísticas moi singulares, poñendo en valor o uso peonil nas actividades tradicionais que albergan os equipamentos existentes (Igrexa, Cemiterio e Campo da Festa).

O ámbito da actuación comprende un área conformada polos distintos accesos a percorridos tradicionais relacionados coas actividades relixiosas, polo que parece lóxico que a intervención teña como obxectivo garantir unha continuidade peonil que faga máis do entorno un sitio máis accesible e atractivo para os usuarios.

Unha actuación sobre un área significativa cuns obxectivos sen dúbida ambiciosos, xa que a súa implementación suporá unha mellora profunda nun emprazamento singular no *Concello de Arbo*.

O alcance comprende o estudio e análise das actuais problemáticas, en especial as funcionais e de integración paisaxística de todo este pequeno núcleo, cobrando especial significado as preferencias outorgadas nos diferentes espazos públicos e a materialización urbana dos ámbitos das diferentes actividades, claramente desproporcionados e ilóxicos, e que hoxe en día acumulan un abuso do vehículo privado e unha discontinuidade grave nos tránsitos peonís.

Tamén o alcance incorpora o estudio e o tratamento das zonas de actividade como espazos públicos de calidade, de maneira que se integren tanto funcionalmente como dende o punto de vista paisaxístico dentro da trama urbana.

As propostas incluídas no proxecto incorporan varios criterios xerais de intervención:

- Adecuación de vías existentes ás necesidades actuais, favorecendo as melloras de accesibilidade tanto para vehículos coma peóns.
- Priorizar o uso dos espazos públicos de forma harmónica, como espazos de convivencia.
- Optimización do tránsito rodado, adaptando a configuración urbana á realidade actual, tanto a nivel de calzadas coma de zonas de aparcamento.
- Mellora do impacto paisaxístico dos espazos públicos, cunha mellor adaptación á topografía existente, creando áreas de interese e confort para os peóns, afastándoas de esquemas repetitivos e duros.



O ámbito do proxecto atópase en solo de Núcleo Rural segundo define o Planeamento en vigor, aprobado o 26 de xuño de 1998.

As vías obxecto do proxecto deben ser consideradas de acordo a este como tipo A2, vías provinciais.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, que conta con 4.192 m de lonxitude. Esta transcorre polo concello de Arbo e entre o PQ 2+380 e o PQ 2+450 desta estrada existe un treito antigo de 268 metros de lonxitude que transcorre xunto a Igrexa de San Sebastián de Cabeiras. Trátase dun treito de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, sen espazos adecuados para o tránsito peonil, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra promove a execución das obras contempladas no proxecto de *“Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras”* coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Arbo, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil continuo coa creación dunha zona de convivencia e beirarrúas.

O proxecto contempla a renovación dos pavimentos de todo o treito, a mellora dos sistemas de drenaxe de augas pluviais, iluminación, abastecemento, telefonía e electricidade. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	343.855,24 €
IVE 21%	72.209,60 €
Presuposto base de licitación con IVE	416.064,84 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: SJYFJFUHYHWT5BN2).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O proxecto foi supervisado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais Jaime Ruibal de Sola o 12 de xuño de 2023.

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 23 de maio de 2023.



Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría e de Intervención de fiscalización previa.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.



- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	332.851,87 €	80
Concello de Arbo	83.212,97 €	20
Total obras	416.064,84 €	100

A Deputación Provincial de Pontevedra financia o 80 % das obras, 332.851,87 €, con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Arbo será de 83.212,97 € (20% do importe das obras) financiarase con cargo a unha subvención do Plan Máis Provincia 2024 (Liña 1) (Expte. 2024013862) cuxas bases foron publicadas no BOP do día 3 de xaneiro de 2024, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno nº 2.33495 do 18 de marzo de 2024.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP 5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que as vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela que transcorre polo Concello de Arbo e ten un treito antigo xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras.*

VI.- *A EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela é unha estrada provincial de 4.192 m de lonxitude. Entre o PQ 2+380 e o PQ 2+450 desta estrada existe un treito antigo de 268 metros de lonxitude que transcorre xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras. Trátase dun treito de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, sen espazos adecuados para o tránsito peonil, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.*

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra promove a execución das obras contempladas no proxecto "Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Arbo, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil continuo coa creación dunha zona de convivencia e beirarrúas.

O proxecto contempla a renovación dos pavimentos de todo o treito, a mellora dos sistemas de drenaxe de augas pluviais, iluminación, abastecemento, telefonía e electricidade. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

VII.- *Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do "Proxecto de mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, no entorno da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras".

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a replanificación do treito antigo da EP 5201 que transcorre xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras e ten unha lonxitude de 268 metros. O proxecto contempla a renovación dos pavimentos de todo o treito así como a mellora dos sistemas de drenaxe de augas pluviais, iluminación, abastecemento, telefonía e electricidade. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.



Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos corenta e tres mil oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e catro céntimos (343.855,24 €), máis setenta e dous mil douscentos nove euros con sesenta céntimos (72.209,60 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos dezaseis mil sesenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (416.064,84 €).

Terceira.- Financiamento:

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Arbo mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>332.851,87 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Arbo</i>	<i>83.212,97 €</i>	<i>20</i>
<i>Total obras</i>	<i>416.064,84 €</i>	<i>100</i>

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Arbo será de 83.212,97 € (20% do importe das obras) e se financiará con cargo á subvención concedida na Liña 1: Investimentos do PLAN MÁIS PROVINCIA cuxas bases foron publicadas no BOP do día 3 de xaneiro de 2024.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Arbo obrígase a:

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras do proxecto “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras”.
- 2) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 3) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen estas.
- 4) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, abastecemento), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 5) Solicitar a transferencia das vías que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
 - Treito antigo de 268 metros de lonxitude da estrada EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela situado no PQ 2+400 xunto a Igrexa de San Sebastián de Cabeiras.
- 6) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 4 e 5 desta cláusula.
- 7) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras do “Proxecto de mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras”.
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 4) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello de Arbo faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución destas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez,*

*Polo Concello de Arbo,
Horacio Gil Expósito,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*



Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.33761.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE XARDÍNS NO CONCELLO DA ESTRADA” (Expte. 2024019048)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 20/03/2024, mediante rexistro WEB2024018353, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Estrada na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 136.869,17 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento de xardíns no concello da Estrada”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

O Concello en resposta ao requirimento da Deputación, tivo que modificar o proxecto remitido e aprobado inicialmente. O proxecto modificado e asinado polo redactor e técnico municipal para acometer o investimento “Acondicionamento de xardíns no concello da Estrada”, en data 18/04/2024 consta a súa entrada na sede electrónica da Deputación mediante rexistro WEB2024025900.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 144.885,03€ da Liña 3 a Liña 1 e 7.952,49 € da Liña 4 a Liña 1.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos e dos servizos públicos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



O proxecto modificado e asinado polo técnico redactor e municipal en data 09/04/2024 para acometer o investimento “*Acondicionamento de xardíns no concello da Estrada*”, precisa dou outorgamento das autorizacións sectoriais da Unidade de Carreteras del Estado de Pontevedra e do Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

As devanditas autorizacións e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 30/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 02/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello da Estrada* a cantidade de 136.869,17 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento de xardíns no concello da Estrada*” (expediente: 2024019048), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da *Unidade de Carreteras del Estado de Pontevedra e do Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)* da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado (ou acordo) de aprobación do proxecto.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello da Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33762.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AS NEVES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “DOS PISTAS DE PÁDEL EN EL ÁREA DEPORTIVA DE A CAÍÑA, SANTIAGO DE TORTOREOS” (Expte.2024019836)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 22/03/2024, mediante rexistro WEB2024019093, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de As Neves* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 85.000,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “Dúas pistas de pádel na área deportiva de A Caíña, Santiago de Tortoreos”, cuxo orzamento ascende 85.000,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
85.000,00 €	85.000,00 €	0,00 €	0,00 €



O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 4.918,98 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en materia de Patrimonio.

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



2.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/05/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* (CIF:P3605100A), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 166.604,50 € co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización acceso a praza Travesía Areal - Portonovo*” (Expte.2024021655), cuxo orzamento ascende 166.604,50 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
166.604,50€	166.604,50€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo Provincial de Costas e de Augas de Galicia, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.33768.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024010155)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 1 de marzo de 2024, punto núm. 5.33533, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do *Concello de Agolada*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%) a xornada completa durante 9 meses; 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 2 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	126.206,71 €	123.217,36 €	3.422,12 €	122.784,59 €

- 1) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024024091 do 10/04/2024 (corrixido en data 30/04/2024 con rexistro WEB2024028397), solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de reformular a duración dos contratos ante a imposibilidade de realizar unha das contratacións (1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%) a xornada completa durante 9 meses) na data prevista inicialmente ao quedar deserto o proceso de selección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25^a.1^a das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a imposibilidade de iniciar unha das contratacións na data prevista inicialmente, o interesado solicita modificar a duración do contrato, o importe do orzamento, o importe da achega municipal e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%), 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 2 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	124.143,84 €	121.204,89 €	2.938,95 €	121.204,89 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 1 de marzo de 2024, punto núm. 5.33533, no referente á subvención concedida ó *Concello de Agolada*, CIF núm. P3602000F, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada P3602000F	9	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%), 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 2 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	121.204,89 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: WD29WNJ0X7RQ4FQS) e do informe de Intervención (CSV: T5FHA1ZKV3VHLELD), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 1 de marzo de 2024, punto núm. 5.33533, no referente á subvención concedida ó Concello de Agolada, CIF núm. P3602000F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	9	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%), 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 2 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	121.204,89 €



O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.33769.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024004548)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33438, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do *Concello de Caldas de Reis*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses</i>	154.546,52 €	150.871,80 €	3.674,72 €	150.871,80 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024028125 do 29/04/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de cambiar a categoría de condutor/a maquinista pola de peón de obra pública, posto que ningún dos aspirantes superou a proba práctica do proceso selectivo.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a imposibilidade de levar a cabo a contratación do/a condutor/a maquinista, o interesado solicita o cambio de dita categoría pola de peón de obra pública, o importe do orzamento, o importe da achega municipal e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses, 1 peón de obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	148.515,01 €	144.982,12 €	3.532,89 €	144.982,12 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33438, no referente á subvención concedida ó Concello de Caldas de Reis, CIF núm. P3600500G, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	<i>1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses, 1 peón de obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	144.982,12 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: H5E4HB7L34HXXADU) e do informe de Intervención (CSV: PGAA8K8PUUCTZ838), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33438, no referente á subvención concedida ó Concello de Caldas de Reis, CIF núm. P3600500G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	<i>1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses, 1 peón de obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	144.982,12 €



O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

12.33770.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE ADAPTACIÓN DO MODELO DE DATOS Á NORMA UNE178503 E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA SEMÁNTICA E ASISTENTE CONVERSACIONAL, DENTRO DE LIÑA DE AXUDAS PARA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE DESTINOS TURÍSTICOS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”.
(Expte.2024018839)

A Deputación de Pontevedra, dentro do plan Estratéxico de Turismo 2021-2023, desprega a iniciativa Tourist Inside como un proxecto de referencia a nivel nacional na xestión e transformación dixital de Destinos Turísticos Intelixentes.

Tourist Inside ten como principal obxectivo avanzar na transformación da provincia de Pontevedra como Destino Turístico Intelixente, mellorando a eficiencia enerxética e reducindo a pegada de carbono asociada á actividade turística da provincia.

Co fin de completar a iniciativa noutras oficinas e/o puntos de información turística adheridos á Rede INFO RIASBAIXAS, e abordar outras actuacións necesarias para a vixilancia turística dun Destino Turístico Intelixente, a Deputación lanza o proxecto TOURIST INSIDE II.

O turismo representa un sector no que a adaptación a novas contornas dixitais resulta particularmente visible. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, ten como obxectivo que o destino Rías Baixas alcance un salto cualitativo cara a unha xestión turística local máis eficiente, establecendo novas fórmulas a través da integración de novas capas dixitais, implantando ferramentas que permitan o desenvolvemento de novas aplicacións no ámbito do IoT, a intelixencia artificial e os asistentes conversacionais ou chatbots. Isto permitirá establecer preferencias en función dos comportamentos dos viaxeiros, logrando un turismo máis personalizado e diferencial.

Neste eido, mediante providencia de inicio de 20 de marzo de 2024, complementada mediante informe de 3 de maio de 2024, a deputada delegada da Área e a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas propoñen a contratación do “*Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”.



O contrato proposto ten un orzamento base de licitación de 217.800,00 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 2 de abril de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A versión definitiva do documento asinase con data 3 de maio de 2024.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 9 de abril de 2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10 de abril de 2024.

Visto que con data 11 de abril de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 6 de maio de 2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.- A pesares de que no expediente consta informe-proposta de declaración de urxencia do servizo xestor (CSV: L1LQU07FO2M8PSC8) e, tal e como recolle o Servizo de Contratación na memoria xustificativa (CSV: 1WW2CBUJTJ53JDA6), a xustificación da tramitación urxente do expediente non se considera suficientemente xustificada, nin supón unha redución efectiva nos prazos. Ademais, o Servizo puido ter iniciado e preparado con anterioridade a tramitación do mesmo, polo que se sigue a tramitación ordinaria.

2.-No presente expediente, ao contrario do que sucede noutros expedientes de contratación similares, non se inclúe soporte e mantemento. No informe complementario do Servizo de Turismo de data 3 de maio de 2024 (CSV: BX2CR5WUS0XGL3XG) indícase que o mantemento será obxecto dunha posterior licitación. A este respecto cabe advertir, por un lado, da necesidade de cumprimento dos requisitos da subvención de manter como mínimo por 5 anos en funcionamento efectivo a plataforma de acordo coa lexislación aplicable e, por outro, debería aclararse a previsión de contratación que a entidade provincial ten ao respecto no caso de ter que acudir a unha contratación externa, motivando se non é factible que se realice con persoal propio e se dito mantemento pode ser levado a cabo por un procedemento aberto.

3.-() Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fíto e obxectivos, nin obriga referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

4.-Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas



nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Ao respecto tamén se refírese o Sr. Secretario no seu informe ao sinalar que: “Tal e como precisou a ORIESCON, debe propiciarse a máxima utilización de aqueles criterios que conteñan valoración automática”.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio e máis, neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado.

Tamén sinalar, respecto do criterio “Redución do prazo de execución dos traballos”, avaliábel mediante fórmulas, entendemos que non pode considerarse un criterio de calidade, xa que, por un lado, podería afectar á calidade da prestación ó contar con menos tempo para realizar o traballo (reducido xa de por si, neste caso concreto, polo prazo de execución, xa prorrogado, do proxecto Tourist Inside II e á complexidade técnica do contrato na xustificación do compromiso de medios na que se alude constantemente no expediente) e, por outro, poderían producirse posibles incumprimentos no prazo de execución, o que daría lugar, de darse o caso, nunha deficiente execución do traballo e un posible incumprimento das condicións da subvención coa correspondente perda da mesma e perxuízos económicos para a Deputación.

5.- Con carácter xeral, reiterar que os pregos de prescricións técnicas particulares non deben conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP). Estes complementan ao PCAP e deben ser elaborados e asinados pola/s persoa/s que conte/n cos coñecementos e a capacitación profesional que corresponda. Debe prestarse, por parte dos Servizos, especial coidado na súa redacción e co obxecto de evitar, ademais, demoras innecesarias na tramitación dos expedientes.

6.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Visto que con data 2 de abril de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400075327 polo importe de 217.800,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4326.640.03 do vixente orzamento provincial (vinculación xurídica).

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”.

O prazo de execución será un máximo de 4 meses, contados desde a formalización do contrato. O prazo de implantación finaliza coa aceptación por parte da Deputación de Pontevedra da entrega e posta en marcha da aplicación contratada.

Dentro do cronograma do proxecto Tourist Inside II os traballos deberán rematarse antes do 30 de setembro do 2024. No caso de que o Ministerio de Industria e Turismo conceda prórrogas no marco da convocatoria poderá ampliarse este prazo.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 217.800,00€. O valor estimado é de 180.000,00 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: IFE9JQ5VN69LR7DT) e de prescricións técnicas (CSV: ZAKN7JOJYU1JO9NN) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 217.800,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4326.640.03 do vixente orzamento provincial (vinculación xurídica).

4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, asistida por persoal técnico de Novas Tecnoloxías e de Turismo.



5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

13.33771.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS EN DIVERSOS EDIFICIOS DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE E DO MUSEO DE PONTEVEDRA. (Expte.2022065212)

Na sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

EMPRESA	Lote	Prezo total ofertado sen IVE	21% (IVE)	Prezo total con IVE
Atende Servicios Integrados, S.L. (NIF: B98751472)	1	16.868,88 €	3.542,46 €	20.411,34 €
Inerproma Medioambiente, S.L. (NIF: B70115902)	2	17.744,40 €	3.726,32 €	21.470,72 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de xuño de 2023 para o lote 1 e de data 30 de xuño de 2023 para o lote 2, sendo o prazo de duración dun ano desde a formalización do contrato, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.

A xefa de xestión administrativa do *Centro Príncipe Felipe*, con data 12 de abril de 2024, e a xefa de xestión do Museo, con data 24 de abril de 2024, emiten informes no que solicitan prorrogar o lote 1 e 2, respectivamente, do contrato para o mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra polo período dun ano, con efectos dende o 23 de xuño do 2024 ata o 22 de xuño do 2025 para o lote 1; e desde o 01 de xullo do 2024 ata o 30 de xuño do 2025 para o lote 2.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato para o lote 1 en data 21 de marzo de 2024 (data de comparecencia: 22/03/2024) e para o lote 2 en data 02 de abril de 2024 (data de comparecencia: 08/04/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 23 de abril do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para a primeira prórroga do lote 1 deste contrato (CSV: LE005IWPP87P7J5S). Así mesmo, con data 26 de abril do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para a primeira prórroga do lote 2 deste contrato (CSV: LJV6K12MY0YU4YY1).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 02 de maio do 2024 (CSV: N7TMV7MOEP6A0G0P), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra por un ano, desde o 23 de xuño do 2024 ata o 22 de xuño do 2025 para o lote 1; e desde o 01 de xullo do 2024 ata o 30 de xuño do 2025 para o lote 2.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 23 de xuño do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do “Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra” subscrito para o lote 1 coa empresa Atende Servicios Integrados, S.L. (NIF: B98751472), durante o período que vai desde o 23 de xuño do 2024 ata o 22 de xuño do 2025, e para o lote 2 coa empresa Inerproma Medioambiente, S.L. (NIF: B70115902), durante o período desde o 01 de xullo do 2024 ata o 30 de xuño do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/232.2312.213.00	10.715,95 €
2025	25/232.2312.213.00	9.695,39 €



LOTE 2:

Añualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/333.3330.213.00	10.735,36 €
2025	25/333.3330.213.00	10.735,36 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

14.33772.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO LOTE 1 DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESINFECCIÓN (DDD). (Expte. 2021047872)

Na sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de *Servizo de Desinsectación, Desratización e Desinfección e control da lexionelosis (DDD)* á empresa TRAGAL S.L. (NIF: B36028231), de acordo ao seguinte detalle:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	7.800,00 €
IVE (21%):	1.638,00 €
Importe total ofertado:	9.438,00 €

Lote 2. Control e tratamento da Lexionelosis

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	3.800,00 €
IVE (21%):	798,00 €
Importe total ofertado:	4.598,00 €

O contrato de cada un lotes formalizouse en documentos administrativos de data 02 de xuño de 2022, sendo o prazo de duración dun ano a contar desde a data de formalización de cada un dos lotes do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 12 de maio de 2023, a primeira prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato de “Servizo de Desinsectación, Desratización e Desinfección e control da lexionelosis (DDD)” dende o 02 de xuño do 2023 ata o 01 de xuño do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Visto que, ata a data, o contrato de “Servizo de Desinsectación, Desratización e Desinfección e control da lexiellosis (DDD)” foi obxecto de modificación mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 27 de outubro de 2023.

Con data 10 de abril de 2024, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 1 do contrato para a prestación do servizo de Desinsectación, Desratización e Desinfección polo período dun ano, con efectos dende o 02 de xuño de 2024 ao 01 de xuño de 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 25 de marzo de 2024 (data de comparecencia: 27/03/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 24 de abril do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: HPAEGAD1JCSRF0C5).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 02 de maio do 2024 (CSV: 9QQXTYD2M15SXGEQ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do lote 1 do contrato de servizo de Desinsectación, Desratización y Desinfección por un ano, desde o 02 de xuño do 2024 ata o 01 de xuño do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 02 de xuño do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do lote 1 do contrato para a prestación dos “*Servizo de Desinsectación, Desratización e Desinfección (DDD)*” subscrito coa empresa TRAGAL S.L. (B36028231), durante o período desde o 2 de xuño do 2024 ata o 1 de xuño do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Lote	Centro	Aplicación orzamentaria	Importe 2024, con IVE (7 meses)	Importe 2025, con IVE (5 meses)
1	Xuventude e Reto Demográfico (Instalacións Tempo Libre. A Lanzada)	233.3370.227.10 (vinculación xurídica)	423,50 €	302,50 €
	Centro Príncipe Felipe (Cidade infantil)	232.2312.227.10	2.117,50 €	1.512,50 €
	Patrimonio Documental e Bibliográfico	332.3322.227.10	338,80 €	242,00 €
	Museo Provincial	333.3330.227.10	564,67 €	403,33 €
	Medio Ambiente (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	141,17 €	100,83 €
	Medio Ambiente (Edificio Aperos Soutomaíor)	410.4190.227.10 (vinculación xurídica)	141,17 €	100,83 €
	EF Areeiro	413.4123.227.10	141,17 €	100,83 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo Soutomaíor)	433.3360.227.10	84,70 €	60,50 €
	Turismo Rías Baixas (Palacete e Oficinas)	433.4320.227.10 (vinculación xurídica)	84,70 €	60,50 €
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Central, Gondomar e Lalín)	456.4530.227.10	282,33 €	201,67 €
	Servicios Centrais (Pazo, Edificio Administrativo e Sede Vigo)	920.9200.227.10	141,17 €	100,83 €
	Comunicación Institucional (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	84,70 €	60,50 €
	Oral	932.9320.227.10	84,70 €	60,50 €
	Oral (Oficinas Periféricas)		282,33 €	201,67 €
	Cooperación (Viveiros)	942.4330.227.10	338,80 €	242,00 €
	Cooperación (CSAE)	942.4331.227.10	56,47 €	40,33 €
	Servizo Asistencia Intermunicipal (CAAN Armenteira)	923.1705.227.10 (vinculación xurídica)	56,47 €	40,33 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



15.33773.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACION DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. LOTE 1 – ARQUITECTURA”. (Expte.2020044426. CB2022064993) (Devogarán 2024023392)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2022007698, de data 28 de outubro de 2022 (CSV.- UCJTB3T0JL271FRO), adxudicouse o Contrato Baseado 2022064993, de dito Acordo Marco (Lote 1. Arquitectura / 2022064993).

Para responder da realización do Contrato Baseado 2022064993, que compuxo este subministro, a empresa *EMPRESA MONFORTE, S.A.U.* (CIF.- *A-81.608.077*), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CB	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A-81608077)	2022064993	247,20€	202200220739	08/11/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- 1W8EHNSYHIG5PJE9), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido das garantías esixidas, (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *EMPRESA MONFORTE, S.A.U.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Contrato Baseado número 2022064993 do Acordo Marco convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2020044426), sen que existan obrigas pendentes.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A-81608077), por resultar adxudicataria de dito Contrato Baseado que é a seguinte:
 - A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de douscentos corenta e sete euros con vinte céntimos (247,20 €), para responder do (Lote 1. Arquitectura / CB2022064993), que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/11/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200220739.

16.33774.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACION DE VEHICULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. LOTE 1 – NNTT”. (Expte.2020044426. CB2022069522) (Devogarán 2024023408)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2022008596, de data 29 de novembro de 2022 (CSV.- RRNC7BAYIXFLQPX0), adxudicouse o Contrato Baseado 2022069522, de dito Acordo Marco (Lote 1. NNTT / 2022069522).

Para responder da realización do Contrato Baseado 2022069522, que compuxo este subministro, a empresa EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (CIF.- A-81.608.077), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CB	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A-81608077)	2022069522	206,00€	202200246207	06/12/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de NNTT (CSV.- 93WDWODDIU0OCZDC), no cal sinala que o devandito contrato foi cumprido satisfactoriamente na súa totalidade, sen que se observaran irregularidades imputables ao contratista, polo que, non existe inconveniente algún en que se proceda a tramitar a devolución da garantía.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *EMPRESA MONFORTE, S.A.U.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Baseado número 2022069522 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2020023408), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *EMPRESA MONFORTE, S.A.U.* (A-81608077), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Baseado* que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de douscentos nove euros (209,00 €), para responder do (Lote 1. NNTT / CB2022069522), que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/12/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200246207.

17.33775.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CLUB BOLOS BELESAR URGAL PARA “XV TORNEO DE MESTRES BELESAR-URGAL”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28/07/2023. (Expte: 2023023591)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Expte.2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/2023.



Segundo.- En data 24/03/2023 Sergio Silva Vila, en representación da ASOC. CLUB BOLOS BELESAR URGAL (NIF: G36742914) presenta solicitude para o “XV Torneo de Mestres Bolos Belesar-Urgal”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.250,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura a *Asociación Club Bolos Belesar Urgal* (NIF: G36742914) e na contía de 570,04 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 30/04/2024 Sergio Silva Vila, en representación da ASOC. CLUB BOLOS BELESAR URGAL (NIF: G36742914) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola imposibilidade da súa xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 30.04.24 a renuncia presentada pola *Asociación Club Bolos Belesar Urgal* (NIF: G36742914).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Club Bolos Belesar Urgal* (NIF: G36742914) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 570,04 € para a realización da actividade do “*XV Torneo de Mestres Bolos Belesar-Urgal*” (documento co CSV: 3CZLT3V0H3NQDEGA).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



18.33776.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE TUI. (Expte. 2023030689)

Dada conta que con data de rexistro 13/04/2023 (rex. núm. 2023007971), o Concello de Tui traslada a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial -toda vez que a estrada na que se produciu o incidente non é de titularidade municipal senón provincial- instruído a instancia de D. Santiago Oliveira Abadalejo, por danos persoais e materiais producidos en accidente coa súa bicicleta a consecuencia, segundo manifesta, dun bache/grieta na calzada, xusto despois dun badén, á altura do parque ecolóxico de Rebordáns, no Concello de Tui, o día 06/08/2022, e que foi cuantificada economicamente en 2.093,51 euros.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido pola Policía Local de Tui, de data 23/02/2023, no que se recolle que non teñen constancia nos arquivos nin nos partes de servizo de ningunha intervención realizada con ocasión da incidencia mencionada.

Resultando.- Que consta, asemade, no expediente remitido practicadas as probas testemuñais propostas polo reclamante, interesando a declaración de D. Iago Orta Núñez (DNI **9120***), que non compareceu, e de D. José Fernando Rodríguez de Lino (con DNI **5733***), que responde do seguinte xeito ó prego de preguntas efectuadas polo reclamante:

1. *¿Tiene relación de amistad o de parentesco con D. Santiago Oliveira Abadalejo?*
Teño amizade, xa de atrás co pai e o irmán.
2. *¿Recuerda haber presenciado algún siniestro en el que se viera implicado D. Santiago Oliveira Abadalejo?*
Non o presenciei, cando me chamou fun a socorrello pero xa estaba na estrada caído e ensangrentado.
3. *¿Podría indicarnos la fecha aproximada y dónde se produjo?*
Diante do colexio de Rebordáns, pero non me lembro da data.
4. *¿Recuerda cuál fue el motivo del siniestro que sufrió D. Santiago Oliveira Abadalejo?*
Caíuse polo bache da estrada, polo que me dixon. E cando o fun socorrer, estabaalí tirado no chan. Eu vin o bache.
5. *¿Nos puede relatar qué es lo que sucedió?*
Eu estaba na casa comendo, chamoume para que o fora socorrer porque caíra en fronte do colexio, e pedíume que o levara a urxencias.
6. *Tras el siniestro, ¿D. Santiago Oliveira Abadalejo se quejó de algún daño en su cuerpo?*
Sí, queixábase do costado, do brazo, do codo e man, e tamén das pernas.
7. *¿Algún bien propiedad del Sr. Oliveira recuerda que tuviera algún daño?*
A bicicleta, rompeu as empuñadoras dos frenos e a piñoneta, o brazo dos recambios.
8. *¿Sabe si tras el siniestro el Sr. Santiago Oliveira Abadalejo acudió al servicio de urgencias?*
Sí, leveino eu no meu coche.

Resultando.- Que a preguntas do Concello, a citada testemuña responde do seguinte xeito:

1. *Atopábase presente no momento no que tiveron lugar os feitos? Nese caso, onde se atopaba? Vin a caída?*
Non, non vin a caída.




2. Recorda de modo aproximado a que hora tivo lugar a caída e o tempo que facía?

Entre as 3 e media e as 4 menos vinte. Facía bastante calor e sol. Non chovía.

3. Onde tivo lugar a caída do Sr. Oliveira Abadalejo? Antes do badén en dirección á escola ou despois do badén? Fronte ao colexio de Rebordáns, no primeiro resalto. Ao pasar o resalto, nunha fochanca grande. Eu fun revisar se había un buraco, e había un moi grande ao pasar o badén.

Resultando.- Que con data 04/05/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 05/06/2023, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro reclamado localízase na EP-3001. Segundo a descrición da caída que fai o reclamante “á altura do parque ecolóxico”, isto atópase nas cercanías da escola, onde existen uns redutores físicos de velocidade. O punto quilométrico da EP-3001 é o 1+750.




SEGUNDO.- Non hai constancia neste servizo dos feitos reclamados e tampouco hai atestado nin se aportan datos nos que se especifique o punto exacto do sinistro. Non se rexistra aviso nin saída da brigada que estaba de garda deste organismo ó citado sinistro e non hai constancia de danos causados no dominio público.

TERCEIRO.-O tramo de estrada referido está limitado a unha velocidade 30 km/h, con presenza de dous redutores físicos de velocidade (lombos) antes de un paso de peóns de acceso á escola.



Os lombos están correctamente sinalizados cun sinal de precaución P-15a, advertindo da súa presenza e un sinal de límite de velocidade.



CUARTO.- Tampouco hai constancia de fochancas no tramo de estrada provincial referido que puideran provocar ditos danos. Esta estrada non foi reparada no período de tempo comprendido entre os días do sinistro e a actualidade.

A estrada presenta un estado de desgaste do pavimento, con gretas pero sen baches nin irregularidades que puidesen provocar dita caída.



Segundo as imaxes de Google Maps – Street View, datadas en xuño de 2022 (dous meses antes do sinistro).



O estado actual da vía nese punto, segundo as imaxes tomadas polo persoal de vixilancia de Deputación provincial é o seguinte:

Sentido crecente





Sentido decrecente



Das imaxes mostradas se deduce que, aínda que o firme está desgastado e agretado, non hai danos significativos na calzada, e que entre a data do Google Maps (xuño de 2022) e a actualidade (xuño 2023) non hai evidencias de reparacións do firme nese tramo da calzada.

QUINTO.- Non hai sinalización advertindo do perigo por non ser ter constancia da existencia do mesmo. Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.

M.^a Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 16/04/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas acerca da última revisión periódica desa estrada antes de producirse o suposto sinistro, remitindo o mesmo na data 29/04/2024 co seguinte contido literal:

“En referencia á data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro, non hai parte de rexistro de dita revisión, pero estas realízanse por parte do Servizo de conservación cunha periodicidade da realización semanal, polo que se debeu percorrer a vía entre os días 1 e 5 de agosto, sen atopar ningún socavo nin incidencia reseñable nese tramo de vía”.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, do Título Preliminar da Lei 40/2015, referido á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido a coincidencias con períodos vacacionais e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- A Policía Local de Tui manifesta que non teñen constancia nos arquivos nin nos partes de servizo de ningunha intervención realizada con ocasión da incidencia mencionada.
- Tampouco o Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación ten constancia, pois nin se rexistrou aviso nin saída da brigada que estaba de garda nin hai constancia de danos no dominio público.
- A citada estrada non foi reparada no período de tempo comprendido entre o día do sinistro e a actualidade.
- Non hai nesa estrada socavos nin irregularidades susceptibles de provocar a caída.
- Entre as imaxes de Google Maps de xuño de 2022 e a actualidade (imaxes tomadas polo persoal de vixilancia da Deputación en xuño do 2023) non hai evidencias de reparacións do firme nese tramo da calzada.
- Non hai atestado nin testemuñas que confirmen o sucedido, así das dúas testemuñas propostas polo reclamante no procedemento instruído polo Concello de Tui, unha delas non compareceu e a outra non presenciou os feitos.
- Nas fotos que achega o reclamante non se ve o referido socavo, rodeando nunha delas cun círculo a bolígrafo, mais non se aprecia irregularidade ningunha no pavimento.
- Non hai constancia de outros accidentes acaecidos por esta causa.

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado, nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar ó convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal os informes do Servizo de Infraestruturas e da Policía Local de Tui, constitúense coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instructor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso. En consecuencia, non existe proba ningunha que vincule a actividade da Deputación, por acción ou omisión, co resultado lesivo, sen poder descartarse, incluso, unha manobra tórpida do accidentado.



Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.

E a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que as concretas circunstancias que amosa o presente caso non permiten establecer o substrato fáctico preciso para imputar a responsabilidade á Administración, posto que o reclamante non facilitou ningún elemento de proba que sustente que os danos se produciron nese lugar non constando que existan nese tramo socavos nin irregularidades susceptibles de provocar a caída nin que se tivera realizado reparación ningunha dende a data do suposto accidente ata a data do informe do Servizo de Infraestruturas realizado con motivo da reclamación.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo aviso por causa do accidente, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020.

Considerando.- Que a última revisión desa estrada, antes do accidente, foi realizada entre os días 1 e 5 de agosto, sen atoparse ningún socavo nin incidencia salientable na vía.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

19.33777.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VIGO. (Expte. 2024000225)


Dada conta que con data 20/12/2023 (núm. rex. 2024000225), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Santiago Hernández Gómez, por danos en vehículo producidos a consecuencia dun socavo na Estrada Vella de Madrid, á altura do Seminario, no Concello de Vigo, o día 25/12/2022, e que foi cuantificada economicamente en 440 €.

Resultando.- Que con data 03/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 09/04/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na Estrada Vella de Madrid, a unha distancia estimada de 150 m da estrada provincial EP-2001 Calvario – A Garrida.

Dito punto NON PERTENCE á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

Como se pode apreciar nas fotografías da Policía Local, o tramo no que se atopa dito bache está nun vial xunto a un cebreado dunha intersección. Na fotografía aérea que se achega se comproba que dito lugar se localiza na INTERSECCIÓN QUE CONECTA A Estrada Vella de Madrid con Estrada de Madrid. Ningunha destas vías pertencen á Deputación Provincial.





SEGUNDO.- Cabe resaltar que a empresa aseguradora xa solicitou información respecto da titularidade desta vía e se lle respondeu no mes de febreiro indicando que dita estrada non pertence á Rede de estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumpriente o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



20.33778.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE AGOLADA. (Expte. 2024017427)

Dada conta que con data 07/03/2024 (núm. rex. 2024004331), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Fabián García Varela, por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha árbore caída á altura do p.q. 62.6 da estrada (PO-840), no Concello de Agolada, o día 28/12/2023, e que foi cuantificada economicamente en 11.865 €.

Resultando.- Que con data 03/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 15/04/2024, co seguinte contido literal:

O lugar do accidente non pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra. A estrada PO-840 é de titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

*César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro*

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

21.33779.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2024028606 e 2024028613) (Tesourería)

a) Vista a relación de facturas con número 2024028606, que contén 2 facturas e por un importe de 3.086,02€, e con CSV: E2QIZSYEBUARAHVD, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 30/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	3.086,02 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	3.086,02 €

b) Vista a relación de facturas con número 2024028613, que contén 16 facturas e por un importe de 43.042,20€ e con CSV: GV3VF5JPJASV0SVT, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 30/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	40.448,02 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	2.594,18 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	43.042,20 €



22.33780.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024029339) (Tesourería)

Vista a relación de facturas con número 2024029339, que contén 5 facturas e por un importe de 2.984,10 € e con CSV: FWG16AEHZI5V081C, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 03/05/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.984,10 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.984,10 €

23.33781.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA BASEADO NO LOTE 1 DO ACORDO MARCO PARA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP”. (Expte.2023011338)

Na sesión ordinaria do día 26 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A-61.797.536), adjudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP, de acordo co detalle reflexado no citado acordo.

Con data 09 de xuño de 2023 realizouse a notificación da resolución de adjudicación, sendo o prazo de duración do contrato dun ano, a contar unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a notificación da adjudicación, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Con data 18 de abril de 2024, a xefa do servizo de Arquitectura, coa conformidade da deputada delegada, emite informe co CSV ZO8TQNEAIF3FWJWY no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Resultando que o apartado 21.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas que rexe o acordo marco, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*Para que o Órgano de Contratación poida exercer a prerrogativa que lle outorga o art. 29.2 da LCSP e que a prórroga resulte de obrigado cumprimento pola adjudicataria, deberá realizar un preaviso con polo menos dous (2) meses de antelación á finalización do contrato*”.



Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de abril de 2024 (data de comparecencia: 11/04/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 22 de abril do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 03 de maio do 2024 (CSV: EEIY4A9472BGK7QE), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra baseado no Lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP por unha anualidade, desde o 01 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xullo do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato de subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra baseado no Lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP suscrito coa empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A61797536), durante o período do 01 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato baseado e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE
2024 (6 meses)	Museo	24/333.3330.221.02 (vinculación xurídica)	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	24/332.3322.221.02 (vinculación xurídica)	6.685,25 €
	ORAL	24/932.9320.221.02	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.221.02 (vinculación xurídica)	37.026,00 €
2025 (6 meses)	Museo	25/333.3330.221.02	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	25/332.3322.221.02	6.685,25 €
	ORAL	25/932.9320.221.02	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	25/232.2312.221.02	37.026,00 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

24.33782.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN DE URXENCIA, DO “SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC DEPO)”. (Expte.2024018693) (Contratación)

Á vista da necesidade de impulsar a creación e desenvolvemento de Comunidades Enerxéticas na provincia como medida de resposta ante a crise enerxética actual e a necesidade impulsar unha nova cultura enerxética na que se empodere aos diferentes actores do territorio para que participen de forma efectiva no sistema enerxético, a Deputación de Pontevedra considera idóneo poñer en marcha a “Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas da Provincia de Pontevedra” no marco da Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Deputación de Pontevedra presenta unha insuficiencia de recursos humanos propios coa especialización requirida para facer fronte a dita necesidade, da mesma forma que as prestacións para realizar non encobren unha relación estatutaria.



En base ao exposto, con data 22 de marzo de 2024, a Deputada Delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital dita providencia na que propón a contratación dun Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). O contrato proposto ten un prazo de duración de 18 meses, e un orzamento base de licitación de 499.691,80 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 26/03/2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400073719 polo importe de 320.755,62 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.4251.227.06 (vinculación xurídica) do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202400073724 polo importe de 178.936,18 euros.

Tendo en conta que, con data 03/05/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 15/04/2024, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Cooperación reflectida no informe de data 08/04/2024 (CSV: GEUI89KK6V84N2DE), no informe aclaratorio de data 12/04/2024 (CSV: UBQZT'YYIIM62A0O), e no informe complementario de data 03/05/2024 (CSV: QFH40SM1LEGP2YHS).

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 03/05/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.-() Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

2.-Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.



3.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA". Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente 2024018693, para contratar o Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO), motivado polas circunstancias incluídas na providencia de inicio (CSV 4YSHLVCF5UL9IKLM) de data 22/03/2024, no informe aclaratorio (CSV UBQZTTYIIM62A0O) de data 12/04/2024, e no informe complementario (CSV: QFH40SM1LEGP2YHS) de data 03/05/2024.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)*”.

O prazo máximo de execución será de 18 meses desde a data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 499.691,80€.

O valor estimado é de 412.968,43 €.



3.- Aprobamos os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: RP7Z6VKA8N6PU0HL) e de prescricións técnicas (CSV: C4L6ASQK9IUTYJ4R) que rexerán dita contratación.

4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 499.691,80 euros, dos cales a cantidade de 320.755,62 euros irá con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2024/942.4251.227.06 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 178.936,18 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2025.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

5.- Nomear responsable do contrato a José Antonio Piñeiro Sineiro, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días desde a data de envío do anuncio de licitación a Oficina de publicacións da Unión Europea..

25.33783.- CONVALIDACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2024003601 DE DATA 2/05/2024 POLA QUE SE APROBOU O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE VISITAS GUIADAS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO”. (Expte.2024002218)

Mediante Resolución Presidencial número 2024003601, de data 02 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 02 de maio de 2024. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Tendo en conta que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 06 de maio de 2024, emite informe no que sinala que se detecta erro en canto ao órgano competente para a aprobación do citado expediente, indicando a continuación o seguinte:

“Primeiro.- Estamos ante un claro erro na aplicación do xogo de competencias da Deputación de Pontevedra, que non ten lugar nin sequera entre o marco de competencias proposto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, entre o Presidente e o Pleno, se non que se enmarca dentro das competencias delegadas polo Presidente entre a Deputada Delegada e a Xunta de Goberno.

Considerando a xurisprudencia, o decisivo e determinante no suposto de nulidade de pleno dereito do artigo 47.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) é que a incompetencia sexa manifesta, isto é “que se manifeste de modo ostensible, patente, claro e incontrovertido” (Sentencia do Tribunal Supremo de 18 de maio de 2001).

O adxectivo “manifesta” esixe que a incompetencia sexa notoria e clara e que vaia acompañada dun nivel de gravidade proporcional aos efectos que comporta a súa declaración. (SSTS de 12 de xuño de 1986 e 22 de marzo de 1988, entre outras moitas).

Así mesmo, cabe citar o Dítame do Consello de Estado 1.592/2011, de 17 de novembro, que declara que “para generar la nulidad la incompetencia ha de ser “manifesta”, sin que exija un esforzo dialéctico su comprobación o, dicho de otro modo, como también ha tenido ocasión de reiterar la jurisprudencia del Tribunal Supremo, ha de ser clara, incontrovertida y grave, sin que sea precisa una labor previa de interpretación jurídica, utilizando términos tales como ‘patente’ u ‘ostensible’ o ‘notoria’ para adjetivar la incompetencia (STS de 20 de febrero de 1992)”.

Neste sentido entendemos que non existe tal gravidade, xa que se parte da distribución de competencias do titular orixinal das mesmas, que podería avocar para sí mesmo en calquera momento, sendo unha directrix propia da súa potestade de organización administrativa.

Debido ao elevado número de expedientes que se tramitan é posible, como neste caso, que poidan xurdir erros pero que non se poidan adxectivar como ostensibles e claros.

Parece evidente a desproporcionalidade que tendría a consideración do acto como nulo, suspendendo a licitación coa confusión que provocaría nos potenciais licitadores e o prexuízo ao interese público perseguido coa contratación nos prazos previstos, polo que se deben considerar as posibles respostas xurídico-procedimentais, máis prontas e eficaces que corrixan este erro.

Segundo.- Considerando que o artigo 52 da LPAC establece que: “1. La Administración podrá convalidar los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan. 2. El acto de convalidación producirá efecto desde su fecha, salvo lo dispuesto en el artículo 39.3 para la retroactividad de los actos administrativos (...)”



Así mesmo, o artigo 39.3 da LPAC indica que: “3. Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas”.

Neste sentido, varios autores como Isabel Gallego Córcoles, (LA LEY 13617/2009), facendo referencia a Vid. BELADIEZ ROJO, Validez y eficacia de los actos administrativos, Marcial Pons, Madrid, 1994, págs. 207 y 208., defenden a posibilidade de subsanar estes erros competenciais entre os distintos órganos das corporacións locais, sendo considerado o vicio de simple anulabilidade, e por tanto, subsanable, pois non sería «manifiesto”.

(...) En base ao exposto anteriormente, entendemos que o máis eficaz é considerar que estamos ante un acto de anulabilidade e se pode convalidar o acto, subsanando o vicio, aplicando o artículo 39.3 LPAC, en canto á retroactividade de todos os actos xa que non se lesiona a ningún dereito o interese lexítimo.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Convalidar a Resolución Presidencial número 2024003601, de data 2 de maio de 2024, pola que se aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, retrotraendo os seus efectos ao momento en que foi ditado.

26.33784.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN SOUTELO DE ABAIXO. FASE I” (Expte:2024022238)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021378, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Caldas de Reis* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 403.358,47 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento de residuais en Soutelo de abaixo. Fase P*”, cuxo orzamento ascende 403.358,47 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	403.358,47	403.358,47	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de *Augas de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade*.

As devanditas autorizacións, a acta de trazado previo (anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/04/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 22/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G, unha subvención por importe de 403.358,47€ co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento de residuais en Soutelo de Abaixo. Fase P*” (Expte. 2024022238), cuxo orzamento ascende 403.358,47 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	403.358,47	403.358,47	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade xunto coa acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



27.33785.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADECUACIÓN DO CAMIÑO DE MARZÁN, CAMIÑO DO XOGO E CAMIÑO DA CRANGOSTA” (Expte.2024022346)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021447, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de O Rosal* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 126.484,60€, co obxecto do financiamento do investimento “*Adecuación do Camiño de Marzán, Camiño do Xogo e Camiño da Crangosta*”, cuxo orzamento ascende 130.240,67 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
130.240,67 €	126.484,60 €	0,00 €	3.756,07 €

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 10.711,82 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

A devandita autorización, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo



máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2024, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Rosal* (CIF:P3604800G), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 126.484,60 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Adecuación do Camiño de Marzáñ, Camiño do Xogo e Camiño da Crangosta*” (Expte.2024022346)”, cuxo orzamento ascende 130.240,67 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
130.240,67€	126.484,60€	0,00€	3.756,07€

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 10.711,82 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia e do servido de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de O Rosal, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.33786.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

29.33787.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

30.33788.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

